

“A poesía de María Mariño. Un idioma novo”.

Artigo de Xosé Luis Méndez Ferrín

Artigo de Xosé Luis Méndez Ferrín publicado en La noche o 25 de febreiro de 1965



Consello da Cultura Galega
Sección de Filosofía e Pensamento
Comisión Técnica de Xénero

ARTES VIEIRAS

brera dos ascensores que accedían a una galería metálica abierta en el brazo izquierdo del oven Sancho Panza, y de esa galería con otro ascensor se llegaría a la cabeza del Hidalgo, en la cual habría otra galería para columbrar el paisaje— Esa galería sobre los pobres sesos deteriorados del buen Quijano, estropiciados por los libros de caballerías medievales, era la cueva!... Salió —le sacaron tirando de una soga a la que lo habían atado— con los ojos cerrados y los sesos burbujeando maravillas!...

«Pidió —escribe Cervantes— que le dieran algo que comer, pues trata grandísima hambre. Tendieron la arpillerá del primo sobre la verde yerba, acudieron a la despenza de sus alforjas, y sentados

«No tengo edad"... Se sueña con galanes larguiruchos y delicuescentes y se organizan demingueros guateques con Pachi o Juan-Mari de estrellas de primera magnitud. La precocidad alcanza terrenos insospechados.

Y no sirve negarse a reconocerlo. No vale volverse de espaldas apelar a tiempos pa-

O 21 de outubro de 1963 foi publicado pola Editorial "Celta" de Lugo o libro de poemas "Palabra no Tempo", de María Mariño. Da autora solo sei que é de Nola, que vive no Courel e qui é amiga de Novoneyra. Do libro tamén sei pouco. É un libro do que dificilmente se pode saber algo. Ten unha contextura tan orixinal, presenta unhas solucións estéticas tan inauditas, revela unha visión do mundo tan radical, que por forza tenlle que prantexar un cúmulo de problemas ao crítico. E si temos en conta que en Galicia non hai críticos de literatura en exercicio (e os que hai están todos emigrados física ou mentalmente ou completamente despistados ou teñen medo a meter a pata e por iso non emiten nunca xulcio), non nos estranará o feito seguinte: ao cabo dun ano de ser publicado "Palabra no Tempo" ninguén (fora un rapaz que non o entendeu) se ocupou en público nin de atacar nin de defender ao libro máis inquietante, desconcertante e novo dos que viron a luz nistes últimos 26 anos de poesía galega.

Toda a poesía que hastra e de agora se viña escribindo en galego aceptaba e sistema, digamos "gramatical" —pra que me entendan os profanos e os psiquiatras— do idioma. A audacia dun Manuel Antonio, dun Cunqueiro, ultraistas, residía na imaxe, nunca nas palabras con que construían a frase. A poesía galega faltáballe ese elemento destructor, esa carga de profundidade que estoupou na lingua poética de Vallejo e Neruda, os primeiros en alterar en poesía o sistema do idioma castelán. María Mariño desempeña esa función no galego, torcéndoo, destruíndoo desde o interior, forzando a súa estrutura.

Como a todo poeta abisal poseedor dunhas vivencias líricas en nivel máximo, a armazón lóxica do idioma venlle corta. Venlle corta tamén a nómína de recursos expresivos (no senso

A poesía de María Mariño

I.- UN IDIOMA NOVO

POR X. I. MENDEZ FERRIN

de Bally) dese idioma. E na toita pola expresión pode botar man ga interxección e da exclamación, como Xohán da Cruz; pode catal-a boca; ou pode torcer o idioma facendo dil unha ferramenta persoal, tal e como fixeron Vallejo e María Mariño. Detxaremos pra outro día, se hai tempo, a análise do seu mundo interior, tal e como se nos revela entre sombras. Quedemos agora solo co índice do seu idioma modificado.

Estudar iste idioma separadamente dos mundos que nos descobre sería erróneo, tendo en conta que esa modificación é puramente funcional. Faise a medida da necesidade expresiva de cada intre. Canto máis profunda seña a vivencia poética, máis forzado será o idioma. Un dos poemas ("Noite caurelá") é así:

"Ládranlle á noite os cás i ela de ben cega e [vozada]
[Láid os aires a noite. Nela síntese medo.
A noite téndese ó sono que a aurora espera-cador",

"A noite foi un cantar dun f'ei ben en voz- [deserto.
Canto cholo dil me veo polo eixe do seu verso!"

Pra comprender ista poesía e preciso abrirse, deixar no feitado os ficheiros e os resabios, deixarse impresionar con honestidade e con inxenuidade. E decir, hai que adoptar a actitude normal que se precisa frente a calquer forma de arte inusitado, separado de nós por grandes unidades de espazo, tempo ou inocencia. Facer eu eiqui unha espicación de texto sería pedante, aínda que resultara pedagóxica si conqueraia facelo ben. Conformémonos con sinalar algúns rasgos estruturais que afectan directamente á gramaticalidade da frase en "Palabra no Tempo",

1) A prep. "de" máis adxetivo desenrola unha función adverbial.
Ex.: "De ben", equivalerá a "Benmente", que non existe.

2) O adxetivo máis insopeltado pódese sustantivar, como niste fremosísimo poema:

"Nace en min un "novo longo" con mofo na raíz [tecida.
Eu non sei onde agromou ou si ven dunha [fortitá"

3) O adverbio pode aparecer cando se precisa lóxicamente un sustantivo. Por exemplo:

"Ergue nela o que non sei si vou ou espero [cando"

Esta confusión das categorías do idioma é sentida pola autora como unha necesidade que se produz cando a chama a voz de quen é ela (xa veremos o significado de esa misteriosa voz poseedora, unha das claves da súa poesía). E considera como un deber xustificarse ante o lector.

[Ean embrollado falo hoxe que cáseque non me [entendo

En vez de "Ven!" dixen "Vou!"
o sentir forte chamar a voz vella de quen son";

Sinalando, simplemente, o feito da ruptura interior do idioma en María Mariño (ruptura que non escivi unha sutil fidelidade ac chamado xenio da lingua) rica sin ser tocada a sustancia da súa poesía. Inicel o meu percorrido pola epidermis. Agá-dame por explorar toda unha inmensa e tebregosa fraga, alagada pola néboa, onde xacen acochados os termos esenciais desta conduta poética sin precedentes.

Próximamente: A POESIA DE MARIA MARIÑO. II.— "Un camiño novo";